

Sábado, 29 de marzo de 2008 Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar e a Rede Museística da Deputación de Lugo. Hora: 19 horas. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: tatata. Duración aprox.: 1,30 h. Imaxe: Antonia Magide. Coordina: Antonio Reigosa.

## SUMARIO

### Portada musical

Tema: *Cousas pequenas.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### 75 Aniversario do Museo Provincial de Lugo.

**Documental:** *A arte que se pisa. Jesús Amor Vázquez, artífice do pavimento do claustro de San Francisco.* Coproducción da Fundación TIC e o Museo Provincial de Lugo (10')

### Música

Tema: *Dor*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Poesía

*Nin porteiro automático nin ascensor,* por **Isidro Novo** (5')

### Música

Tema: *Cancionciña para Sara.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Títeres

*O soño,* por **Spaguetti títeres** (8')

### Música

Tema: *Máis forte que un deus.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Poesía

*A viaxe ao lonxe,* por **Isidro Novo** (5')

### Música

Tema: *Lela.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Títeres

*A pingueira,* por **Spaguetti títeres** (8')

### Música

Tema: *Eternamente*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Poesía

*A rúa pendurada,* por **Isidro Novo** (5')

### Exposición

*Ollando historias,* por **Noemí López** (10')

### Música

Tema: *Tempos de océano.*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

### Propostas culturais

Presentación da revista cultural *Búsola,* por **Suso Rubio** (10')

### Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

### Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

### Contraportada musical

Tema: *Negra sombra*

Intérpretes: **Carmen Dor** (voz), **Alfredo Susavila** (piano) (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

### Búsola

A revista *Búsola* é unha publicación dixital que apareceu no ano 2004. É froito da Casa da Cultura do Concello d'O Valadouro e xurdiu como unha aposta pola cultura galega e polos novos autores que non tiñan un oco para a publicación dos seus traballos. A liña editorial, que dirixe Suso Rubio, é de fomentar e divulgar as obras deses novos autores de Galicia nos eidos da creación máis variados: Poesía, Narrativa, Fotografía, Banda deseñada, Teatro, Música, movementos sociais, Ciencia, etc. Practicamente todo ten cabida nesta revista que se pode descargar nunha versión en formato pdf, así como ós números anteriores na hemeroteca. Tamén se imprime cada ano unha versión para distribuír nas Casas da Cultura, bibliotecas, fundacións, concellos e determinadas librarías.

### Dor, Carmen

Natural de Padrón. Aparece no escenario da música en Galicia co grupo *Mugardos* no ano 1996, co que grava o disco *O sol que vai cegar*. No 2001 saca ao mercado o seu primeiro disco, *Océánica*. E despois de cinco anos de numerosos concertos interpretando a música do seu primeiro disco, ou versionando e homenaxeando as músicas portuguesas e a *bossa nova*, publica o seu segundo traballo, *Dora Maar 74*. Neste disco aposta por unha sonoridade sensual envolta en harmonías de jazz, e converte a súa aportación nunha das máis interesantes novidades dos últimos tempos na música galega. Actualmente continúa coa súa formación lírica e prepara o seu próximo disco com textos de Rosalía de Castro.

### López, Noemí

Leva practicamente toda a súa vida en Lugo onde se formou como deseñadora gráfica, decantándose pola ilustración. No campo do deseño gráfico traballa fundamentalmente o cartelismo, tras ter gañado algún certame (Cartaz San Froilán 94, San Froilán 98, Entroido 2000, Lugo) Paralelamente comeceou a facer ilustracións para outros soportes como xornais e revistas, e pouco despois, a ilustrar libros de literatura infantil e xuvenil, así como outro tipo de libros, soportes multimedia... Está especialmente involucrada no mundo de la literatura infantil e xuvenil, participando en exposicións colectivas de ilustradores, e tamén en salóns e feiras de libros, impartindo charlas y dando obradoiros e cursos sobre ilustración. Traballou como debuxante de animación despois dun período de formación e actualmente continúa con proxectos dentro deste campo.

### Novo, Isidro

De ascendencia mariñá, Isidro Novo nace en Lugo un día de san Froilán. De escribir e rachar papel mentres traballaba en cousas completamente alleas ás letras, pasou pouco a pouco a coller o vicio de gardar. Iso foi o que provocou que a día de hoxe teña publicado algúns libros. *Teaza de brétema*, finalista do certame O Barco de Vapor do 92 e saíu á rúa no 94, foi a súa primeira publicación individual en galego. Non aparecería a seguinte ata o 97, no que sae do prelo o wéstern cómico *Por unha presa de machacantes*, ano no que tamén ve a luz *Carne de can*, libro de relatos no que se recollen un feixe de oito, catro deles distinguidos no certame Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro e tamén o libro de poemas *Dende unha nada núa*, que obtivera o premio Eusebio Lorenzo Baleirón promocionado polo concello de Dodro. No ano 99 sae á rúa outro libro baixo o título de *Antollos de Eimarmena*. Non volverá publicar ata o ano 3 do século en curso, na colección Mandaio de Biblos, na que aparece a novela *Súa de si*, no 4 aparecerá a erótica *Rosa lenta*, que fora finalista no certame de narrativa Terra de Melide e no 5 sae *Un escuro rumor tralo silencio*, co que lle outorgaron o premio Vicente Risco de Literatura Fantástica e tamén o Arcebispo Xoán de San Clemente que conceden tódolos anos a un autor galego os lectores novos. Gañador dunha edición do premio de narrativa Manuel Murguía, é coautor do correspondente libro no que se recolle o seu relato, así coma doutros nos que foi convidado a participar. Hai pouco viu a luz o seu poemario *Esteiro de noites falecidas*, co que gañou o ano 2006 o premio de poesía do Concello de Carral. Foi radiofonista na emisora pirata Radio Clavi, na que en compañía de dous amigos chimpaban ao ar o programa cultural (?) *Gomorrilas e novas criaturas*. Fixo reportaxes para revistas publicadas non se sabe onde nin en qué idioma, tivo un efémero contacto co mundo audiovisual, como dialoguista, e é autor de dúas guías orientativas para libar viño artesanal na cidade das murallas (*Guía do bebercio lugués 92 e 95*). Agora forma parte do colectivo *Círculos líticos*, co que participou nos espectáculos reivindicativos: *Viva Palestina!* e *A maré das negras ondas*.

### Spaguetti títeres

**Obras:** *O soño* e *A pingueira*. **Autor:** Gabriel Castilla. **Adaptación:** Arturo Pérez e Antonio Rodríguez. **Escenografía:** Mauro Leivas. **Director:** Arturo Pérez. **Manipuladores:** Arturo Pérez e Antonio Rodríguez.